Ornithopus compressus L., 1753

- serradela amarela, pé de paxaro
- seradella, coronilla glauca, pie de pájaro, cornicabra
-
- ungla de canari, serradella
- yellow serradella
- senradela amarela/brava



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Rosopsida**	**Fabales**	**Fabaceae**	***Ornithopus***

ORIXE

Europa.

CARACTERÍSTICAS

Porte herbáceo. Talos delgados, redondos e tenros, recubertos dun indumento viloso. Poden ser erectos, ascendentes ou decumbentes e poden acadar os 50 cm. As follas son compostas, imparipinnadas e con moitos folíolos. Os folíolos son elípticos ou ovalados e velosos por ambas caras. As flores son de tipo papilionáceo, de cor amarela. Agrúpanse entre 3 a 8 flores e florecen na primavera. Produce un legume estreito e comprimido lateralmente, que contén varias sementes de cor parda ou amarelenta.

HÁBITAT

Medra en solos pobres, secos e silíceos, especialmente de sedimento areoso. Adoita verse en pastizais pouco húmidos, bordos de camiños ou viñedos abandonados (lugares pouco fértiles cun pH case ácido).

DISTRIBUCIÓN

Aparece na maior parte da Península Ibérica, frecuentemente en ambientes mediterráneos e atlánticos de clima suave.

CURIOSIDADES

É apreciada como forraxe en zonas de solos pobres, secos e ácidos. Como é leguminosa, ten a capacidade de fixar nitróxeno.